

ORDENANZA T 24

REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO.

Artigo 1. Fundamento e obxeto

1. De conformidade co previsto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, 106 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e 20.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, o Concello de Ribadeo establece a taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello.
2. Será obxeto desta exacción a utilización ou reserva de canto espazo exista no termo municipal que sexa de titularidade pública ou afecto ó uso xeral e todos aqueles inmobles de utilización pública, sexan titularidade pública ou non, destinados ó uso xeral da cidadanía e afectos ó servizo público, agás os de carácter deportivo (pavillóns), que se regularán polo previsto na Ordenanza Fiscal número T13.

Artigo 2. Obrigados ó pago

Están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quenes as utilicen de forma privativa ou con aproveitamento especial áinda sen teren obtido a preceptiva autorización.

Artigo 3. Tarifas

Tarifa única por reserva ou utilización de inmobles ou espazos públicos: 252,71 Euros/día ou fracción.

No suposto de que a reserva ou utilización conlleve actividade consistente na disposición de alimentación (ceas, comidas...) ou a actividade a desenvolver xenere residuos pola súa natureza, incrementarase a tarifa nun 50%.

Para o caso de que o solicitante autorizado para a utilización das instalacións o fose tamén para o cobro do acceso de espectadores as tarifas anteriores incrementaranse cun 10 por 100 da recadación bruta final.

Artigo 4. Normas complementarias

Os gastos de persoal discontinuo como taquilleiros, porteiros, electricistas, acomodadores, vixilantes, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontaxe de esceario e calesquiera outros que se requirán en función da naturaleza do acto, correrán por conta dos organizadores, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimiento das obrigas laborais, fiscais ou de outra índole que se deriven de tal relación laboral.

Non se autorizarán reservas ou utilizacións que puideran conllevar destrucción ou deterioro dos espazos públicos e inmobles de uso público, máis aló do deterioro ordinario asumible pola normal utilización dos mesmos. De ter lugar, ánda de forma accidental, tal destrucción ou deterioro extraordinario, o beneficiario, sen perxuízo do pago da taxa, estará obrigado ó reintegro do coste total dos gastos de reconstrucción ou reparación. Se os danos fosen irreparables, o beneficiario estará obrigado a indemnizar ao Concello en contía igual ao valor dos bens destruidos ou ao importe do deterioro dos danados.

Artigo 5. Obriga de pagamento

1. A obriga de pago surxe coa utilización ou reserva dos espazos e inmobles a que se refiere esta Ordenanza, sen perxuizo do establecido no apartado seguinte.
2. Non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades deportivas ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Ribadeo, ben directamente ou ben a través de outras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal, en concreto, aqueles actos ou actividades que sexan organizados ou promovidos a través do programa de organización ou fomento de congresos do Concello de Ribadeo.
3. A Alcaldía poderá acordar o Patrocinio Municipal cando en atención ao carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado.
4. As personas ou entidades interesadas no Patrocinio Municipal a que se refire o número anterior instarán do Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto. En ningún caso serán acollidas peticóns de Patrocinio Municipal cando a actuación a desenvolver revista ánimo de lucro polo seu obxeto ou natureza ou expectativas de carácter económico para o suxeito organizador.

Artigo 6. Normas de xestión

1. A xestión e recadación desta taxa corresponderá ao Concello de Ribadeo.
2. Esixirase o depósito previo do importe dos dereitos pola reserva ou utilización dos espazos regulados nesta Ordenanza. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultáneamente a cantidade resultante. As devolucións que procedan por falta de utilización debido a causa non imputable ao obrigado ao pago, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Realizado o feito imposible, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa esixindose, no seu caso, a maior contía que resulte.
3. O Concello extenderá as cartas de pago, boletos, tickets ou calquera outro documento que se estableza como xustificante de pago nos casos de actividades e espectáculos deportivos, festivais organizados por colexios e institucións e outros supostos similares.
Cando se trate de autorizacións para realizar actos por parte de sociedades, partidos políticos ou de espectáculos artísticos de índole non deportiva, a autorización solicitarase por medio de instancia dirixida á Alcaldía cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data solicitada de reserva ou utilización.
4. A resolución da Alcaldía sobre a procedencia ou improcedencia de conceder as autorizacións para a utilización dos espazos, nos casos en que proceda dictala de forma expresa, será notificada aos interesados e aos servizos encargados da súa execución.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu título e artigos 1, 2 e 3 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.